

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

*EXTRACTO da Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa II Outras actividades pechadas e se procede á súa convocatoria para 2021. Programa II (código de procedemento TR500D).*

BDNS (Identif.): 550216.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias as persoas traballadoras autónomas persoa física, ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, as microempresas e pemes de sectores afectados polo peche da actividade conforme a normativa sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quedan excluídos os establecementos de hostalaría e restauración e os establecementos de lecer e entretemento, como as salas de festas, discotecas, pubs, café-espectáculos e furanchos, por estaren encadrados no Programa I desta orde.

Para os efectos destas axudas, entenderase que está afectado polo peche aquel establecemento que non poida ter aberto segundo a normativa sanitaria e se atopen na epígrafe 4 «Medidas especiais para determinadas actividades» do anexo da Orde do 26 de xaneiro de 2021. Consideraranse incluídas as atraccións de feira a que se refire o punto Segundo. 2 da referida orde, así como da Orde do 3 de decembro de 2020, sempre que se trate de actividades nas cales non existe establecemento aberto ao público.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as empresas en que conorra algunha do resto de circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007.

Segundo. *Obxecto*

Este programa ten por obxecto apoiar os traballadores autónomos, microempresas ou pemes que desenvolvan unha actividade económica que se vexa afectada polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias.



Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa II Outras actividades pechadas e se procede á súa convocatoria para 2021. Programa II (código de procedemento TR500D).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínanse tres millóns de euros (3.000.000 €).

Quinta. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, cumprindo o disposto no artigo 29 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece un período mínimo dun mes.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2021

M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza  
Conselleira de Emprego e Igualdade

